

Los personajes

Óscar Ferreiro Vázquez
Doutor en Filoloxía e Tradución

«Chegamos aos primeiros intérpretes por expresións como “en boca de”»

Unha tese realizada na Universidade de Vigo estuda a presenza en América dos intérpretes dende os inicios da conquista ata pouco despois da independencia

JORGE LAMAS
VIGO / LA VOZ

«Por voz de» ou «por boca de» son algunhas das expresións que puxeron sobre a pista a Óscar Ferreiro Vázquez durante a realización da súa tese de doutoramento. *Achegas á historia da interpretación do centro e sur de América (1518-1870)* é o título do traballo que foi dirixido polo doutor Xoán Manuel Garrido Vilariño

—**¿Cal foi o punto de arranque?**
—Esta tese está enmarcada dentro das liñas de investigación do meu director, Xoán Manuel Garrido Vilariño, que é *Memoria, mestizaxe, migración*. Nunha viaxe a Bolivia, consultando a Biblioteca Nacional de Sucre, atopamos un documento onde sae un texto que dicía: «Intérprete de la lengua de los naturales. Pedro de Ibarcuren». O meu director propúxome iniciar aquí o traballo. A tese é a primeira que se defende en Vigo sobre a presenza de intérpretes en América. Partiamos da investigación realizada polo doutor Joaquín Sueiro Justel do 2002, *La política lingüística española en América y Filipinas (siglos XVI-XIX)*, centrada sobre todo na tradución.

—**¿Onde centraron o traballo?**
—Centrámonos en México e na Real Audiencia de La Plata de los Charcas, que se correspondía con Perú, Bolivia e Arxentina.
—**¿Como resolveron os conquistadores os primeiros contactos?**
—Eles levaron intérpretes porque sabían que ían toparse cunha barreira lingüística. Pero levaron intérpretes das linguas coñecidas en Europa e non puideron comunicarse con eles. Os primeiros contactos foron por medio de xestos, obsequios, etc. Iciar Alonso Araguás, profesora



Óscar Ferreiro Vázquez fixo unha tese sobre a presenza dos intérpretes na América hispánica. M. MORALEJO

Grupo de traballo. Óscar Ferreiro Vázquez forma para do grupo de investigación denominado T14 Tradución e Paratradución cuxo principal investigador é o doutor José Yuste Frías.

na Universidade de Salamanca, apunta que nas conquistas os casteláns capturaban nenos porque aprendían máis rápido a lingua e eran máis manexables.

—**¿Por que chegou ata 1870?**
—Cerrámolo co xeneral Mansilla en 1870, cando xa eran independentes os arxentinos. Decatámonos de que se repetían ritos, desde o punto de vista lingüístico, costumes que xa se producían en 1518. Recolleámos unha crónica dunha viaxe que fixo para reunirse cun xefe nativo. O xefe coñecía o español pero para non someterse, falaba por medio de intérpretes. Chámanlle a esta figura *linguaraz*.

—**¿Como eran eses hábitos?**
—O recibimento, os agasallos, que o intérprete fose alguén de

confianza. O intérprete anunciaba a chegada do máximo representante nativo ao que estaba prohibido mirarlle aos ollos, de aí a expresión «por boca de». Hai unha crónica de Cervantes de Salazar que non foi explotada o suficiente. Nós intentamos atopar todas as mencións a intérpretes e á mediación lingüística, e unha delas era «en boca de».

—**¿Coñécense os nomes daqueles primeiros intérpretes?**

—No caso de México, está Jerónimo de Aguilar, un náufrago que conviviu con indios e aprendeu o seu idioma. Jerónimo coñecía unha lingua pero necesitaba unha ponte para pasar a outras linguas, para iso empregaron a famosa Malinche. E para Perú, Felipillo é o que máis destaca. Eran nativos. Aprenderon o español por contacto directo.
—**¿Os españois afianzaron a figura do intérprete?**

—A Coroa lexislou sobre todo tras a visita do vicerrei Francisco de Toledo. Foi un dos poucos vicerreis que recorreu o seu te-

rritorio durante cinco anos, entre 1570-75. Coñeceu os costumes da poboación. El reformou o sistema económico das colonias. Nomeo a un intérprete que o acompañou durante a súa visita, que é Gonzalo Holguín, intérprete do puquina, aimara e quechua. No nomeamento, asígnalle un salario e indica as obrigas do mediador.
—**¿Estaban ben considerados?**
—Os que traballaban nas institucións si porque recibían un soldo.
—**¿Houbo diferentes tipos de intérpretes?**

—Nós clasificamos aos pseudointérpretes, que foron os primeiros da conquista; os paraintérpretes, que non tiñan ese cometido específico pero a través do seu traballo facían, como era o caso dos pregoeiros, chasquis e yanaconas-criados). Os chasquis eran mensaxeiros de grandes distancias por postas que levaban mensaxes oralmente ou incluso podían levar pequenas mercancías, como peixe. Finalmente estaba o intérprete «profesional», que aparece nomeado como tal.

AL PAIRO

Solo hay que empujar

Como si el Cristo que supuestamente murió en la cruz no fuese el mismo que los viguéses acompañan en masa duran-

Begoña R. Sotelino

te la procesión del Cristo de la Victoria, los habitantes de esta ciudad dan la espalda a sus procesiones y dejan solo a su Jesús en la peor semana de sus 33 años de vida (o eso dicen las sagradas escrituras, que vete tú a saber). Mientras, el vigués medio se marcha de turismo por el mapa de España, y los hay que no se pierden una, ya sea en Zamora o en Málaga y se maravillan del espectáculo del sufrimiento. Y los que organizan las de aquí, sudan la gota gorda para juntar a un puñado de fieles capaces, ya no de arrimar el hombro, puesto que los pasos de las procesiones viguesas hace años que llevan ruedas precisamente porque no había quien cargara con ellas y decidieron «modernizarlas». Pues ni con esas logra la comisión coordinadora de la Semana Santa seducir a un grupete de creyentes que por unas horas colaboren con las labores propias de su comunidad religiosa. Quizás es un problema de comunicación el contar con tan poca colaboración en una urbe a cuya ciudadanía se le hincha el pecho de orgullo cada año con la Festa da Reconquista protagonizada por aquellos vigueses de antaño, fieles, leales y valerosos que hoy no son quién de empujar un carrito con ruedas. Pero, a ver, ¿dónde están los cristianos locales? De esos 200.000 que dan vueltas con los cirios el primer domingo de agosto, ¿no habrá un puñado que porte los pasos de la Hermandad de la Pasión y Cristo de la Amargura, que haciendo honor a este nombre están con ese estado de ánimo, por Dios bendito?

O tempo que a ti che sobra, a outros failles falta.
Doa o teu tempo. Faite voluntario.

Cruz Vermella
902 22 22 92 www.cruzroja.es